

Bases do torneo

- .- **Data do torneo:** do 5 ao 7 de decembro do 2019
 - .- **Data límite de inscrición:** 1 de decembro de 2019 ás 22 horas.
 - .- **Inscrición:** a través da páxina web www.mistorneosonline.com ou nas instalación FM Sport.
 - .- **Cotas de inscrición:** aboaranse en recepción antes do inicio do torneo.
 - .- **Prezo:**
 - unha categoría 15€ máis 3€ de seguro de responsabilidade civil.
 - Dúas categorías 12€ máis.
 - Tres categorías etc...
- Sendo obrigatorio a aportación de 2 kg de alimento non perecedeiro ou un xoguete/s
- .- **Lugar do torneo:** instalacións de FM Sport no Polígono Industrial Área 33, Silleda (Pontevedra)
 - .- **Sorteo dos cadros:** será público e realizarase o día 4 de decembro de 2019 as 22 horas nas instalacións de FM Sport.
 - .- **Información do torneo:** poderase seguir en www.mistorneosonline.com
 - .- **Horarios de xogo:** tratarase na medida do posible respectar as preferencias horarias, pero non se garante este punto. En caso de que un/ha se inscriba en máis de unha categoría, non se respectará restricións horarias.
 - Días laborais: a partir das 19 horas.
 - Fins de semana e festivos: a partir das 9 horas.
 - Este torneo rexerese pola normativa da FGP así como polo regulamento de xogo da FIP.
 - .- **Categorías:** cadro único con consolación. O número mínimo de parellas por categoría será de 8.
 - Categoría masculina: 2ª, 3ª e 4ª
 - Categoría feminina: 3ª
 - Categoría mixta: 3ª

En cada unha das categorías, as parellas deberanse inscribir na categoría correspondente ao seu nivel de xogo. O caso dos xogadores federados, poderase tomar como referencia a división máis alta na que houbera participado o xogador de máis nivel da parella na "Liga galega por equipos de clubs" e "SNP" (por exemplo: se participou en 3ª división a categoría correspondente sería masculina 3ª e se participou en SNP 500 tamén sería masculina 3ª)

En caterogía mixta, a organización analizará a categoría de ambos.

Para velar polo bo funcionamento do torneo, a organización resérvase o dereito de mover de categoría ás parellas cuxo nivel non se corresponda ao resto dos xogadores inscritos.

A dirección do torneo poderá optar a cadro, grupo ou cascada se o número de parellas é inferior a 8.

En caso de participar algún xogador de categoría infantil (non ter 14 anos antes do 1 de xaneiro do presente ano) nalgunha categoría absoluta, terá que presentar unha autorización asinada polos seus pais/titores legais e baixo a súa exclusiva responsabilidade.

.- **Modo de xogo:** tódolos partidos disputáranse 2 set, con tie break, e, en caso de empate, disputarase un super tie break a 9 puntos.

As rondas de semifinais e finais (excepto consolacións) xogaranse ao mellor de 3 sets, con tie break se é necesario en cada un deles.

.- Coa inscrición terase dereito a unha sudadeira por xogador e proporcionarase auga e bolas para cada partido.

.- O torneo xogarase coa pelota marca Starvie.

.- As decisións do xuíz – árbitro serán inapelables no que se refire ás regras técnicas do xogo. Poderase aplicar a norma W.O (pérdida do partido por non comparecencia), se transcorrido 10 minutos dende o horario designado para o comezo do partido, os/as xogadores/as non están presentes e listos para xogar en pista, sendo o xuíz – árbitro a única persoa que o poida aplicar.

.- O xuíz – árbitro terá potestade de resolver calquera incidencia relativa ao torneo, de acordo coa normativa técnica da FGP. Lémbbraselle aos xogadores/as que só poderán recibir instrucións ou consellos durante os tempos de descanso.

.- **Consolación:** tódolos participantes terán dereito á consolación, para acceder á mesma, a parella que perda o primeiro partido deberá informar ao xuíz – árbitro na seguinte media hora de finalización do partido.

O sistema de xogo dos partidos da consolación poderanse ver alterados se chegasen ao funcionamento do cadro principal.

.- **Premios:**

- Campións: trofeo + vale compra de 50€ en FM Sport.
- Sub campións: trofeo + vale de compra de 25€ en FM Sport.
- Campións de consolación: trofeo + obsequio

.- **Entrega de premios:** terá lugar nas instalacións de FM Sport o sábado 7 de decembro ás 20 horas, sendo imprescindible a presenza de a lo menos de un xogador da parella. De non ser así, os premios quedarán a disposición da organización do torneo.

.- **Dirección do torneo:** Deza Padel. Telf.: 659904358 Correo: dezapadel2019@gmail.com

.- **Dereitos de imaxe:** estas bases son públicas. A inscrición ou participación no torneo supón a cesión de dereitos de imaxe, poderán ser utilizados con fins promocionais e de información. Todo aquel participante que desexe participar coa súa imaxe deberá comunicalo por escrito a través dos canles de comunicación do torneo ou ao efectualo pago de inscrición.